



Frades

O concello que ti queres



Benquerido/a veciño/a:

Tes nas túas mans unha nova edición de *"Frades, o concello que ti queres"*, a revista informativa do Concello que recolle o acontecido nestes dous últimos anos. Dous anos de intenso traballo, recollido en gran parte nestas páxinas, e que xirou en torno a tres eixos fundamentais:

1- Máis servizos sociais. O Concello de **Frades é un referente en Galicia en materia de servizos sociais**. Así o teñen recoñecido en varias ocasións entidades como a Deputación da Coruña, que pon a Frades como exemplo de boas prácticas. Non só pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar, onde aumentamos o número de maiores atendidos e horas de prestación, senón por servizos complementarios a domicilio como podoloxía, fisioterapia, perruquería ou estimulación cognitiva. Servizos pioneiros como o préstamos de axudas técnicas, as axudas para gafas ou audífonos ou o bono taxi para desprazamentos a centros de saúde son o exemplo de que os servizos sociais son un selo de identidade en Frades.

Neste punto non podo deixar de mencionar algo que sei que nos preocupa a todos: a **atención sanitaria**. Despois duns meses moi complicados, de moitas xestións coa Consellería de Sanidade e de moitos sinsabores, **estamos conseguindo avances**. Logramos que se cubriran as dúas prazas médicas, logramos garantir un médico substituto para Abellá e investimos máis de 50.000 euros na mellora das instalacións sanitarias para maior comodidade dos pacientes e traballadores sanitarios. Somos conscientes de que aínda queda traballo por facer e moito que mellorar na atención ao paciente. Sabedes que tendes as portas abertas do Concello para o que precisades. Nós seguiremos traballando e por iso imos investir outros 150.000 euros en 2026 na rehabilitación do centro de saúde de Ponte Carreira, ademais de que os nosos veciños e veciñas poidan beneficiarse do servizo de hospitalización a domicilio, como xa fan co servizo móbil de radiografías, que lles evita desprazamentos a Santiago.

2- Máis actuacións en todas as parroquias. Nestes dous anos apostamos de forma decidida polo aglomerado das pistas principais das nosas parroquias e os accesos aos distintos núcleos de poboación. Unha solución máis cara pero, como poderedes ver nesta revista, é a opción máis segura e duradeira para as nosas estradas. So neste ano 2025 **melloramos o estado de máis de 30 quilómetros da nosa rede viaria, a metade en aglomerado**. Seguiremos mellorando as nosas estradas e mantendo nas mellores condicións os nosos parques infantís, áreas recreativas e espazos públicos municipais. Seguiremos incrementando o número de sendas peonís, como a derradeira construída en Añá. E seguiremos esixindo a construción da **senda peonil entre Aiazo e Ponte Carreira**, así como o **arranxo da travesía da N-634 en Ponte Carreira**, da Ponte Vella, das vías de servizo de Céltigos e dos accesos á Central de Frades.

3- Máis actividades culturais, deportivas e formativas. Nos últimos anos estamos dando un salto de calidade no que se refire á mellora das instalacións municipais para maior comodidade de todos vós. Acabamos de instalar un **novo sistema de calefacción e aire acondicionado no Multiúso**, estamos **mellorando o interior do polideportivo de Ponte Carreira e do ximnasio de Abellá**, construímos un novo local social en Añá e rehabilitamos o de Moar. E, sobre todo, puxemos en marcha o **Centro Sociocomunitario de Frades**, que en pouco tempo **converteuse nun dos eixos da nosa política de actividades para todas as idades**. Seguiremos traballando nesa liña, mantendo a nosa tradicional oferta de ocio e de conciliación para o voso desfrute. Sobre todo cando comprobamos que cada vez sodes máis os veciños e veciñas que participades nas charlas sobre sanidade, nos cursos formativos, nas actividades para persoas adultas... Porque podo asegurarvos que non hai maior satisfacción para quen organiza unha actividade, que ver a sala chea de xente.

Finalmente, quero aproveitar para enviarche os meus mellores desexos para estas datas de Nadal. No meu nome, no da Corporación do Concello de Frades e no dos traballadores e traballadoras municipais quero desexarvos un **Bo Nadal e un Feliz 2026**.

ROBERTO REY MARTÍNEZ
Alcalde de Frades



ABELLÁ



Un dos novos bancos colocados na senda de Abellá

Senda peonil e ciclista na AC-524

Unha das primeiras obras do 2023 foi a senda peonil e ciclista na AC-524, que dende entón facilita os desprazamentos dos veciños e veciñas da Pibideira, O Pazo e Sobre dos Campos, ademais de facilitar o acceso ao cemiterio, a igrexa, a panadería, o supermercado... A maiores, dende o Concello complementamos esta actuación, na que a Xunta investiu 225.000 euros, coa instalación de novos bancos. E traballamos para conectar por senda os núcleos da Pibideira e do Peñasco.



Melloramos os accesos a Fontao cunha nova capa de rodaxe nos seus 1.500 metros e fixemos unha cuneta transitable con recollida de pluviais



Arranxamos a pista de Tañoio a Cruz de Canedo, cun asfaltado a toda a plataforma, previa reparación de fochancas



Aglomeramos os accesos a Chamuín, onde pintamos as liñas de bordes e colocamos un sinal de Stop no acceso á AC-524



Melloramos a pista que dá acceso a Ansemonde



Melloramos os accesos a Pazo. Construímos unha cuneta de seguridade de 1,5 metros de ancho sobre 5 arquetas sumidoiro para a recollida da auga



Acondicionamos os accesos a Quintá a través do Plan de Mellora de Camiños Municipais de Acceso a Parcelas Agrícolas



E ademais...

Acabamos as obras de mellora do camiño municipal de O Ar, dentro do Plan de Infraestruturas Rurais da Xunta, e nos próximos meses temos previsto actuar sobre as pistas do Castro ata Pumariño, no camiño de Fondevila ao Cabezo e tamén na Taberna.

Rehabilitamos o muiño da Ponte Carballa e contorna

Rehabilitamos o muiño emprazado na área recreativa da Ponte Carballa e puxemos en valor a súa contorna para desfrute da veciñanza. Eliminamos o deteriorado tellado, colocamos novas táboas de castiñeiro, instalamos unha nova cuberta de tella e recuperamos os antigos canais de entrada e saída do muiño, cambiando a súa porta e adecentando a súa contorna.


ABELLÁ


Conseguimos unha axuda da Xunta para poñer en valor a zona



Conseguimos unha subvención da Xunta para renovar e mellorar a ponte sobre o río Samo, na Maquía



Melloramos os xogos do parque infantil do Cabezo, en cuxa contorna instalamos tamén novos bancos e mesas



Taxea na pista entre Fondevila e Castro para evitar inundacións



Fixemos unhas cunetas transitables na aldea de Marís con recursos propios



Limpamos as cunetas en Quintá e Os Portiños



Instalación dunha tubaxe en Gándara



Melloras na pista de O Ar



Arranxamos o estado da pista e instalamos unha taxea nesta ponte en Abellá



Arranxos e novas taxea en Gándara e Painceira



E ademais...

Agardamos o próximo remate das obras de renovación da Ponte da Maquía, unha obra moi demandada pola veciñanza e que nos levou a petar en moitas portas na Xunta ata conseguir case 220.000 euros. Os Concellos de Frades e Ordes achegan 50.000€ cada un xa que a obra facilitará o tránsito seguro dos tractores e demais vehículos pola zona.

AIAZO



Logramos que a Deputación pague polos terreos

Avanzamos na senda peonil

En só tres meses como deputado provincial, o alcalde Roberto Rey conseguiu que o Pleno da Deputación incluíra a senda peonil de Aiazo a Ponte Carreira na sexta fase do Plan de Vías Provinciais. A obra suporá un investimento de 527.000€ e a Deputación pagaralle 48.000€ aos veciños e veciñas propietarios dos terreos precisos para a senda. Un gran avance do noso alcalde xa que dende o ente provincial pretendían que cederan os terreos de balde.



Melloramos a capa de rodaxe dos accesos á Torre e instalamos unha canalización de 50 metros, con 3 arquetas con sumidoiro, para recoller a auga da choiva



Durante todo o ano levamos a cabo actuacións para limpar e acondicionar as cunetas de todas as parroquias, uns traballos que intensificamos durante o verán



Unha das nosas prioridades é manter nas mellores condicións as áreas recreativas do municipio. Facémolo tanto cos traballadores municipais como cos distintos obradoiros de emprego



+ E ademais...

Proximamente levaremos a cabo as obras de mellora do entronque coa estrada da Deputación (DP-3802 Ordes-Ponte Carreira) en Aiazo, así como a mellora dos accesos á área recreativa Os Pasos e a mellora da pista da Igrexa a Devesa.

Fixemos un novo local social

Construímos un local social na parroquia de Añá para desfrute de veciñanza. Un novo espazo onde realizar actividades formativas, de encontro e de ocio para os veciños e veciñas da parroquia que non contaban con ningún espazo destas características. Por iso, lideramos unha actuación que supuxo un importante investimento, financiado polo Concello de Frades, o Agader, a Consellería do Medio Rural e a Asociación de Desenvolvemento Comarcal de Ordes.



AÑÁ



Inauguración das novas instalacións do local social de Añá



Tras unha longa negociación por parte do alcalde con distintos departamentos da Xunta, logramos que a administración autonómica financiara con case 50.000 euros unha serie de melloras na Ponte Brates e un novo aglomerado na estrada que une Añá con Boimorto



Fixemos unha senda peonil da praza á igrexa e ao camposanto para mellorar a seguridade da veciñanza



Pavimentamos e saneamos os accesos a Sanamil, onde colocamos un sinal de Stop



Reparamos e pavimentamos a estrada de Tarrentos



Melloramos a pista que dá acceso a Chedas



Construímos unha taxea preto do cemiterio para evitar inundacións



E ademais...

Nos próximos meses, dende o Concello de Frades temos previsto mellorar os accesos a Añá de Meus.

CÉLTIGOS



A conselleira de Medio Ambiente visitou as melloras

Poñemos en valor a área do Muíño

Fixemos varias actuacións para poñer en valor a área recreativa do Muíño. Se na pasada lexislatura instalamos un parque biosaudable e plantamos medio cento de árbores de ribeira, nesta ocasión arraxamos a ponte de madeira que dá acceso ao Muíño de Céltigos, que xa restauramos e que agora conta con todas as súas pezas orixinais. A maiores, instalamos unha nova soleira de acceso e colocamos novos bancos para desfrutar dun dos tesouros naturais do noso municipio.



Dentro da nosa política de aglomerar en quente cada ano as pistas principais de cada parroquia, unha das primeiras actuacións tivo lugar na estrada que comunica Céltigos coa N-624



Colocación de tubaxe e arranxo de pista no Vilar



Pavimentamos os accesos á Igrexa de Céltigos

Cada ano limpamos as cunetas de todas as parroquias



Acondicionamos unha taxea e construímos outra no núcleo de Aboi, para evitar asolagamentos



E ademais...

Nos próximos meses imos mellorar os accesos ao punto limpo, para facilitar a reciclaxe de toda a veciñanza, e imos acondicionar os accesos a Augasantas e Aboi. Ademais, vimos de asinar un convenio co Arcebispado para o mantemento e conservación da igrexa parroquial.

Nova ponte sobre o rego de Mestas

Reparamos con fondos propios a ponte sobre o rego Mestas, que resultada danado polos temporais de principios de 2024. Así, aproveitamos para colocar unha tubaxe moito máis ampla, para así facilitar o paso do auga e evitar que se acumulen ramas e biomasa que poidan afectar á integridade desta ponte, emprazada nunha das cotas máis baixas da parroquia. Unha vez realizadas as obras, aproveitamos para reparar as fochancas e mellorar a capa de rodaxe da estrada.


FRADES


Instalamos unha nova ponte sobre o rego de Mestas



Para mellorar a seguridade dos veciños e veciñas, construímos unha cuneta de seguridade en A Igrexa, cunha lonxitude de 295 metros e empregando quince centímetros de zahorra e outros dez de formigón. Baixo ela fixemos unha rede para a recollida de augas pluviais, que incluíu a instalación de tres arquetas con sumidoiro



Melloramos os accesos a San Martiño, repoñendo o firme e limpando as gabias. Ademais, fixemos un muro de 15 metros de mampostería de granito para o sostemento de terras



Acondicionamos e melloramos a estrada de San Martiño á DP-3802 Ordes-Ponte Carreira



Arranxamos con tratamento asfáltico a pista de acceso á Capela da Madalena



E ademais...

Estamos con obras de mellora no Multiúsos de Cimadevila, onde xa puxemos aire acondicionado e cambiamos o sistema de climatización para maior confort da veciñanza que utiliza estas instalacións e tamén unha mellor conservación do noso patrimonio. Ademais, Yoseba Muruzábal vén de facer dous murais en homenaxe a Ricardo Lagares e ao rural de Frades

GAFOI



Un mellor servizo de auga potable

Tras numerosas reunións na Consellería e cos técnicos de Augas de Galicia, conseguimos a aprobación dun dos proxectos fundamentais para o municipio: a ampliación da estación de tratamento de auga potable. O alcalde Roberto Rey asinará nos próximos meses un convenio coa conselleira de Medio Ambiente para executar as obras, nas que se investirán máis de 500.000€. Estas obras permitirán garantir o abastecemento á veciñanza e a parte da cabana gandeira do municipio.

O director de Augas de Galicia dá o OK ao proxecto



Cun investimento de 350.000€, o centro socio-comunitario converteuse no punto de encontro da veciñanza, cunha ampla programación

ANTES



Solventamos os problemas de salubridade causados por unha gran bandada de estornios no parque de Ponte Carreira. E sen danar aos paxaros

AGORA



Asfaltamos a estrada de Currás a Raselo e un dos seus ramais, ademais de mellorar outros dous treitos próximos con zorra



Instalamos novo mobiliario urbano en Ponte Carreira e fixemos melloras nos parques biosaudable e infantil. Ademais, estamos a negociar coa Xunta de Galicia unha nova achega para mellorar o solo e os xogos do parque infantil



Limpeza de cunetas na contorna de Ponte Carreira



Acometemos distintas obras en Sibio como a mellora dunha pista e instalación dunha taxea ou a instalación de reixas para canalizar a auga



E ademais...

Imos mellorar os accesos a Sibio e o aparcadoiro do CPI Ponte Carreira, onde solicitamos melloras no illamento da fachada e para eliminar humidades. Ademais, pedímoslle unha subvención á Xunta para mellorar o confort do centro de saúde e reclamámoslle ao Goberno o arranxo da N-634 en Ponte Carreira, a Ponte Vella, as vías de servizo e os accesos á Central de Frades.

Pista de acceso a Regueiro Blanco

Traballamos polo rural. Por iso pavimentamos este camiño de acceso a Regueiro Blanco xa que o seu firme era insuficiente para soportar o tráfico de vehículos de gran tonelaxe que circulaban a diario por el xa que, ademais de dar acceso a parcelas agrícolas, tamén é un camiño utilizado para chegar a instalacións agrograndeirias. Utilizamos o Plan de Mellora de Camiños Municipal de Acceso a Parcelas Agrícolas para pavimentar esta pista con quince centímetros de pedra.



GALEGOS

Como concello gandeiro, melloramos os accesos ás explotacións



Melloramos os accesos a Outeiro, pavimentando a pista, con recollida de pluviais e dotándoa dunha cuneta transitable para mellorar a seguridade viaria da veciñanza



Arranxamos os 1,2 km da estrada de acceso á Grela mediante un tratamento asfáltico e rego de selado, así como a creación de 200 m² de abanicos para maior seguridade dos veciños e veciñas



Pavimentamos a estrada entre a aldea de O Pazo e o límite co Concello de Ordes



E ademais...

Nos próximos meses temos previsto mellorar os accesos ao núcleo de Reboredo e a pista que une O Pazo con Vistalegre.

LEDOIRA

Firma do arranxo coa conselleira Ánxeles Vázquez



Arranxamos o encoro da Presa

Tras varias reunións e moito traballo, logramos que a Xunta arranxara o encoro da área recreativa da Presa, que estaba nun péximo estado debido ás enchentes. O alcalde asinou un convenio coa conselleira de Medio Ambiente polo que a Xunta investiu máis de 50.000€ para reparar o encoro, que despois cederá ao Concello. Así conseguiremos ter esta área recreativa, un dos espazos de ocio máis importantes do municipio, nas mellores condicións para o desfrute da veciñanza.



Melloramos os accesos a Ribadas con triplo tratamento asfáltico nunha pista de 130 metros de longo por 3,5 metros de ancho



A Xunta de Galicia acometeu obras de mellora do encoro e da contorna da área recreativa da Presa



Instalamos novos xogos na área recreativa da Presa e habilitamos unha pista de vollei praia

**E ademais...**

Acabamos de asinar un convenio de colaboración co Arzobispado de Santiago para facer traballos de mantemento e conservación da igrexa parroquial de San Martiño de Ledoira e do seu cruceiro.

Pavimentamos a pista de Figueira cara Barreiro

Pavimentamos o camiño de Figueira cara Barreiro (Abellá), dunha lonxitude de 480 metros e un ancho de catro. Tras arranxar as fochancas, melloramos a capa de rodaxe con tratamento asfáltico superficial e rego de selado en toda a estrada, mellorando a seguridade a través da pavimentación de dous abanicos e a construción dunha cuneta revestida de formigón para a correcta drenaxe da choiva.



MESOS

Pavimentación do camiño de Figueira cara Barreiro



Acometemos con fondos propios os traballos de reparación da Ponte de Xeza, en Caboladrón, para mellorar a seguridade e evitar inundacións



Melloramos a pista Os Canedos-San Nicolao, con limpeza de cunetas e zavorra



Igrexa pintada grazas ao convenio asinado co Arcebispado



Tramo de cuneta arranxado en Filgueira



Taxeia instalada na pista de Candal a San Nicolao



Arranxamos as cunetas e colocamos unha taxeia en Caboladrón



Taxeia na pista de Os Canedos a San Nicolao



E ademais...

Nos próximos meses temos previsto aglomerar os accesos a Caboladrón.

MOAR



Novas sendas peonís en Moar de 1,8 m. de ancho



Humanizamos Moar

Nos primeiros meses de 2023 fixemos a humanización de Moar, que acometemos ao abeiro do Plan Hurbe da Xunta. As obras consistiron na mellora dos viarios que conducen ao centro da parroquia, na zona comprendida entre Fonte Santaia, As Corredoiras e A Igrexa. Habilitáronse sendas peonís de 1,8 metros de ancho e se instalaron canalizacións para recoller as augas pluviais e o cableado do alumeadado público. Ademais, colocouse unha estrutura de madeira para cubrir os contedores de lixo que están a carón do lavadoiro e minimizar así o seu impacto paisaxístico.



Aglomeramos primeiro os accesos a Castiñeiro Redondo, construímos unha cuneta de formigón para facilitar a mobilidade veciñal e instalamos unha taxea para recoller a auga da choiva. Despois aglomeramos a pista que une Castiñeiro Redondo con Marzoa (Oroso) grazas a unha subvención da Xunta de Galicia e a colaboración dos dous Concellos



Instalamos unha nova tubaxe para evitar que se inunde a pista de acceso á aldea de Santaia



Acondicionamos as cunetas en Queirís e Castiñeiro Redondo



Asfaltamos a pista de acceso á aldea de Seixo



Melloramos o acceso ao núcleo de Pedreira



Rehabilitamos integralmente o local social de Moar para desfrute da veciñanza, cunha nova fachada e un renovado e cómodo interior



E ademais...

Nos próximos meses imos mellorar os accesos á Igrexa e ao núcleo de Barazón.

Humanizamos o núcleo de Papucín

Unha das primeiras obras rematadas no verán de 2023 foi humanizar o núcleo de Papucín, acometida ao abeiro do Plan Hurbe. As obras consistiron na construción dunha senda peonil de 1,8 metros de ancho para mellorar a seguridade das persoas que a diario camiñan pola zona. Ademais, instaláronse as canalizacións precisas para recoller a auga da choiva. Naquelas zonas nas que o camiño, polas súas dimensións, non permitía facer unha senda, habilitouse unha cuneta transitable.



PAPUCÍN



Sendas peonís como a de Papucín melloran a seguridade da veciñanza



Melloramos a seguridade viaria dos case 3 km da estrada principal da parroquia de Papucín, onde reparamos as fochancas, acondicionamos as beiravías e arraxamos a pista con aglomerado en quente sobre os 5,5 metros de ancho da plataforma



Arraxamos a pista de Outeiro ata o punto de captación de auga



Asfaltamos a pista de acceso a Maquía



Acondicionamos o parque saúdale para os maiores



Acondicionamos unha das pistas de acceso á piscina



Fixemos múltiples arranxos de pistas, colocación de taxas e tubaxes para evitar asolagamentos como os de A Baiuca, Quinta e Consello



E ademais...

Nos próximos meses acometeremos a mellora dos accesos a Quintá e licitaremos o aglomerado da pista entre o cruce de O Prado ata a AC-524 (Ordes-Curtis).

VITRE

Visita da delegada da Xunta á casa niño Garatuxa

Somos dos concellos con máis casas niño

Frades é un dos municipios de Galicia con maior número de casas niño: Axóuxere (Galegos), Xoaniña (Abellá) e Garatuxa (Vitre), que ofrecen unha atención integral, personalizada e gratuita a nenos e nenas de entre os tres meses e os tres anos. Ademais, para colaborar co coidado da infancia, implantamos unhas axudas de 600 euros a cada casa niño, que poden empregar para mellorar o servizo: comprando novos xogos, mellorando o mobiliario da instalación...



Melloramos os accesos a Vilarxoán, onde actuamos sobre unha pista de máis de 1 km de lonxitude por 4 metros de ancho sobre a que aplicamos un tratamento asfáltico superficial, previa reparación de fochancas e perfilado dos laterais da estrada



Apostamos dende o primeiro momento por mellorar a rede viaria municipal, polo que aglomeramos no ano 2023 as pistas que unen Vilarxoán con Gafoi



Repuxemos o firme dos 1.500 metros da pista de O Campo a Vilarxoán, coa limpeza de gabias en ambas marxes e a colocación de dous Stop



Atendemos á petición dos veciños do Campo e eliminamos unhas tullas



Melloramos os espazos públicos e incorporamos novo mobiliario urbano para desfrute da veciñanza, como unhas mesas para merendar

**E ademais...**

nos proximos meses imos mellorar os accesos a Os Loureiros.

Atención sanitaria de calidade

O Concello de Frades leva anos traballando pola mellora da atención sanitaria. Conseguimos que se cubran as dúas prazas, logramos garantir un médico substituto cando é preciso en Abellá e incorporamos novos servizos móbiles para mellorar a atención. Así, a unidade de raios móbil evita que 290 veciños e veciñas teñan que desprazarse a Santiago a facer radiografías. E o servizo de hospitalización a domicilio permitirá trasladar ao domicilio do paciente gran parte dos tratamentos.



Cumprimos o noso compromiso de que se cubran as prazas de médicos

SANIDADE



Conseguimos que as baixas médicas fosen cubertas sempre

Logramos un médico substituto en Abellá

A pesar de que a falta de médicos a nivel nacional fai que moitas veces sexa difícil cubrir as baixas en calquera municipio, no consultorio de Abellá conseguimos que todas as citas poidan ser cubertas cun médico, que atende os luns e os venres pola tarde. Trátase dunha solución que buscamos nós mesmos diante da prohibición do Ministerio de Sanidade de poder aumentar o número de prazas MIR para ter máis médicos dispoñibles. É un paso adiante, pero queda moito por facer.



Melloramos os 2 centros médicos

O Concello, xunto a Consellería de Sanidade, mellorou as instalacións dos centros médicos de Ponte Carreira e Abellá para evitar humidades e mellorar o confort dos pacientes. E no próximo ano imos investir 150.000 € para facer case un novo centro de saúde en Ponte Carreira. Nós seguiremos facendo todo o posible para que a atención sexa a mellor posible, pero a veciñanza tamén pode colaborar presentando queixas formais cando non son ben atendidos. Só así recibirán resposta.



Melloramos os dous centros médicos coa colaboración de Sanidade

E ademais...

Os veciños/as beneficiaranse do servizo de hospitalización a domicilio (HADO), que traslada a maior parte dos tratamentos, curas e procedementos de rango hospitalario ao domicilio. E no 2026 investiremos 150.000 € en cambiar as fiestras, as portas, o sistema de calefacción e o alumado do centro de saúde de Ponte Carreira para maior comodidade de pacientes e traballadores

FORMACIÓN



O Brañas do Illó forma ao alumnado en mellora de montes e tarefas en xardíns e viveiros

Pintura industrial e carpintería foron as especialidades do último taller da Mancomunidade



Formación para o emprego

O Concello de Frades participa todos os anos en dous obradoiros de emprego financiados pola Xunta de Galicia: o Brañas do Illó-Río Samo, que leva xa sete edicións, e o da Mancomunidade de Ordes. Uns obradoiros que forman cada ano a unha decena de veciños e veciñas desempregados de Frades que, ademais de conseguir unha formación, tamén desenvolven actividades que repercuten no mantemento dos espazos públicos municipais.

Ampla e variada oferta formativa

O Concello de Frades mantén durante todo o ano unha ampla e variada oferta de cursos de formación. Unha programación que combina desde a formación non regrada (horta ecolóxica, apicultura, poda, mecánografía, novas tecnoloxías, horta ecolóxica, xardinería, bailoterapia, alfabetización dixital...) ata outros cursos que permiten a obtención de títulos de certificación profesional (manipulación de alimentos, elaboración de produtos lácteos...).



Entrega de diplomas do curso formativo de cociña

Curso de elaboración de produtos lácteos para darlle valor engadido ás granxas locais



Reparto de material conmemorativo do Día da Muller

Representación teatral do alumnado do CPI de Ponte Carreira aos maiores do centro sociocomunitario



Colaboramos nas actividades do cole

Mantemos unha colaboración permanente cos distintos centros educativos do municipio, especialmente co CPI Ponte Carreira onde todos os anos promovemos actividades de sensibilización con motivo do Día Internacional da Muller e do Día Internacional da Loita contra a Violencia de Xénero. Este ano celebramos tamén a iniciativa do colexio de realizar actividades interxeracionais, coa rapazada como protagonista e cos maiores do centro sociocomunitario como público.

E ademais...

seguiremos participando nos obradoiros de emprego que financia a Xunta de Galicia. Unha fórmula que nos permite manter os nosos espazos públicos nas mellores condicións posibles e tamén proporcionarlle unha formación a persoas en situación de desemprego, nunhas iniciativas que teñen unha alta porcentaxe de inserción laboral

Somos un referente en servizos sociais

“Os servizos sociais en Frades son un selo de identidade”. Son palabras do concelleiro de Sanidade, Manuel Ferreiro, no primeiro Encontro Provincial dos Servizos Sociais Comunitarios, organizado pola Deputación da Coruña e no que o Concello de Frades foi seleccionado como exemplo de boas prácticas en materia de servizos sociais. Como xa acontecera noutro foro de 2022, os servizos complementarios ao Servizo de Axuda no Fogar serven de exemplo no resto da provincia.

A Deputación pon a Frades de exemplo de boas prácticas ante os técnicos de servizos sociais



SERVIZOS



Frades, exemplo a seguir no I Encontro Provincial dos Servizos Sociais Comunitarios da Deputación



Estimulación cognitiva, fisioterapia, SAF, préstamo de axudas técnicas, podoloxía, bono taxi e perruquería, servizos ofrecidos a domicilio

Un amplo abano de servizos a domicilio para os maiores

O noso compromiso cos nosos maiores é total. Por iso contamos cun amplo programa de servizos para facerlles a vida máis levadeira e que non teñan que saír da súa contorna. Aos tradicionais **servizos de axuda a domicilio** en modalidade de libre concorrência (con dez persoas usuarias e 1.701,5 horas anuais de prestación) e de dependencia (con 50 persoas usuarias e 16.913,88 horas anuais), hai que engadirlle iniciativas pioneiras como:

- **podoloxía** a domicilio (140 usuarios con 524 servizos/ano).
- **fisioterapia** a domicilio (33 usuarios con 632 servizos/ano).
- **perruquería** a domicilio (22 usuarios con 99 servizos/ano).
- **estimulación cognitiva** a domicilio (8 usuarios con 160 servizos/ano).
- **bono taxi** para desprazarse a centros de saúde (42 servizos a 7 persoas usuarias).
- **préstamo de axudas técnicas** (cadeiras de rodas, muletas... 6 veciños beneficiados por un importe de 4.715 euros/ano)
- **axuda para gastos oftalmolóxicos, odontolóxicos ou auditivos** (5 persoas por 6.530 euros/ano)

En total, 281 veciños/as de Frades que no 2024 viron mellorada a súa calidade de vida, o seu benestar e a súa autonomía persoal.



E ademais...

manteremos e incrementaremos a oferta de actividades do centro socio-comunitario de Frades, tanto para persoas adultas como para crianzas, e seguiremos animando aos veciños e veciñas das distintas parroquias a que se animen a participar nalgunha actividade deportiva, de memoria, bailoterapia...

SERVIZOS



A conselleira de Política Social visita o centro "O Noso Fogar"

Contamos con dúas casas do maior

Somos un dos municipios de Galicia que conta cun maior número de casas do maior: "O Noso Fogar" (Galegos) e "Sorrisos" (Abellá). Trátase dun servizo gratuíto que permite que os nosos maiores teñan acceso a unha atención personalizada e na súa contorna, ao tempo que supón un apoio para persoas emprendedoras do noso municipio. Por iso, dende o Concello apoiamos o seu funcionamento asinando convenios de colaboración polos que lles achegamos 600 euros a cada unha.

As actividades nas parroquias reúnen a máis de 200 persoas

O coidado dos nosos maiores vai moito máis aló dos servizos sociais. Por iso lles ofrecemos un amplo abano de actividades para todos os gustos. Desde as actividades deportivas nas parroquias (nas que participan máis de 200 persoas), á ampla programación do centro sociocomunitario e do multiúsos. E sen esquecer iniciativas como o "Mes da saúde" no balneario, as "Xornadas sobre saúde", para previr doenzas e promover hábitos de vida saudable; e as excursións e actividades de ocio para todos os gustos.



Gran acollida das excursións e viaxes de varios días do Concello



Puxemos en marcha unhas exitosas xornadas gratuítas sobre coidados e saúde, dirixidas especialmente ás persoas maiores



Homenaxeamos cada ano aos nosos maiores



Organizamos un Mes da Saúde con saídas ao balneario e tratamentos de hidroterapia



Algúns exemplos das actividades que se desenvolven nas parroquias



E ademais...

seguiremos incrementando o gasto social: este ano nun 8%, como demostran os últimos Orzamentos que aprobamos para este ano 2025. Un dato: destinamos este ano máis de 395.000 euros para a prestación do servizo de axuda a domicilio (libre concorrencia e dependencia), atención temperá, igualdade, centro de información á muller...

Solicitamos máis melloras no colexio

O CPI de Ponte Carreira vén de celebrar o seu 50 aniversario. Un colexio no que conseguimos que a Xunta de Galicia investira máis de 550.000€ e nos que cada verán traballamos para facer pequenas actuacións que garantan que os case 150 alumnos e alumnas desfruten dun espazo educativo accesible, eficiente e adaptado ás novas metodoloxías. Por iso, pedímoslle ao conselleiro de Educación que mellore o illamento térmico das fachadas do centro e repare algunhas humidades.



Reunímonos en abril con conselleiro de Educación para mellorar o colexio

FAMILIA



Festas como as do Entroido ou Reis congregan a centos de persoas no pavillón municipal

Actividades para gozar en familia

Cada cuadrímetres, o Concello de Frades envía aos domicilios a programación de actividades. Un programa variado e no que priman as iniciativas para desfrutar en familia e de balde. Algunhas concentran a centos de persoas, como o Entroido ou a Cabalgata de Reis. Outras teñen un aforo máis reducido, pero inclúen unha oferta moi variada de maxia, teatro, magosto, obradoiros, cine ao aire libre, actuacións musicais, cursos de cociña, excursións, saídas á praia...

Os Xoves de Praia son unha das actividades mellor valorada polas familias



Parques seguros, limpos e dignos

Ademais de ser un dos primeiros municipios en contar con parques infantís cubertos (en Ponte Carreira e Abellá), a conservación, coidado e limpeza destas instalacións é un dos labores principais da nosa brigada municipal de obras. Cando un xogo está en mal estado, procédese á súa retirada e arranxo o máis pronto posible. Por iso, hoxe en día os parques infantís de Frades son lugares seguros, limpos e dignos para os nenos e nenas do municipio.



Contamos con dous parques infantís cubertos en Ponte Carreira e Abellá

A brigada municipal de obras encárgase do mantemento e limpeza destas instalacións



+ E ademais...

estamos buscando financiamento na Xunta de Galicia para acometer algunhas melloras no parque infantil de Ponte Carreira, para renovar o seu chan e cambiar o valado perimetral de madeira, que se atopa deteriorado polo paso do tempo.

FAMILIA



Participantes no Verán Activo de Frades 2025

Axudamos ás familias a conciliar

A pesar de ser un pequeno municipio rural, no Concello de Frades podemos presumir dos servizos de conciliación que temos a disposición das nosas familias. Porque sabemos que é algo que precisan e queremos que poidan acceder a ela. Por iso poñemos en marcha programas de conciliación durante as vacacións escolares de Verán, Nadal, Entroido e Semana Santa, ofrecéndolles todo tipo de facilidades e descontos ás familias.

Actividades de ocio para a rapazada

Ademais dos programas específicos de conciliación para as vacacións escolares, dende o Concello de Frades ofrecemos tamén unha ampla e variada oferta de actividades para ocupar as tardes dos nenos e nenas. Aí están as escolas deportivas de patinaxe, ximnasia rítmica e fútbol sala, ou as clases de debuxo, pintura ou inglés. A maiores, organizamos actividades culturais e deportivas para as familias, así como iniciativas consolidadas como o Día d@ Nen@ ou os cursos de natación.



O Día d@ Nen@, unha das actividades familiares mellor valoradas cada ano

Rapazada que participa nas escolas culturais e deportivas municipais



Campaña de sensibilización do 8M no mercado de Ponte Carreira

A prevención e a educación en igualdade son esenciais para loitar contra a violencia



Defendemos os dereitos da muller

A defensa dos dereitos da muller, da plena igualdade e a non discriminación forman parte das nosas actuacións dirixidas a erradicar todas as formas de violencia machista e promover políticas que velen pola diversidade e a non discriminación por raza ou orientación sexual. Por iso organizamos periodicamente iniciativas de concienciación dirixidas tanto aos nosos nenos e nenas, en colaboración co CPI de Ponte Carreira e o colexio de Xanceda, como a toda a poboación de Frades.

E ademais...

seguiremos apostando polos programas de conciliación familiar para ofrecerlles unha alternativa as familias durante as vacacións escolares, así como en una programación paralela de actividades para os máis pequenos e pequenas para axudar ás familias

Renovamos o multiúsos

No último ano fixemos moitas melloras no multiúsos de Cimadevila, dotándoo de aire acondicionado e calefacción. Así aumentamos a comodidade dos veciños e veciñas que usan estas instalacións para cursos de formación, aula de informática, actividades para maiores... así como dos usuarios da biblioteca e do Centro de Interpretación da Cultura Tradicional, que vén de incorporar dous murais en homenaxe ao cantareiro Ricardo Lagares e a Dosinda e Avelino, veciños de Moar.



Mural do artista YosebaMP en homenaxe á veciñanza do rural

CULTURA



Actividade
interxeracional
entre maiores e
rapazada do CPI
no centro
sociocomunitario

O novo corazón cultural do concello

O novo centro sociocomunitario de Ponte Carreira tense convertido no novo corazón cultural do concello. Non só pola ampla e variada programación de actividades gratuítas que mantén durante todo o ano, senon tamén por acoller moitas iniciativas sociais e culturais que se organizan dende o Concello, dende o colexio ou dende as distintas asociacións. Un bo exemplo foron os exitosos encontros interxeracionais entre a rapazada do colexio e os maiores do municipio.

Festa de fin de
curso dos maiores
que participan
nas actividades
do centro
sociocomunitario



Colaboramos coas festas patronais

O Concello de Frades promove a cultura organizando actividades propias (Cabalgata de Reis, Concurso de Entroido, Día do Neno/a...) como apoiando as iniciativas que organizan as asociacións de veciños e comisións de festas. Estas entidades reciben todos os anos unha achega municipal para a organización das distintas festas patronais e, a maiores, o Concello colabora tamén coas tarefas de limpeza e de promoción das actividades.



O alcalde asina os convenios coas AAVV e Comisións de Festas



E ademais...

acabamos de cambiar o sistema de calefacción e o alumeadado do multiúsos de Cimadevila, onde instalamos tamén aire acondicionado para maior comodidade dos veciños e veciñas que utilizan estas instalacións. No 2026 investiremos outros 40.000 euros en melloras no Centro de Interpretación da Cultura Tradicional, grazas a unha achega do AGADER.

DEPORTE



Co novo alumeado, O Vedral podería acoller partidos de nivel rexional e adestramentos de alto nivel

Duplicamos o número de torres de alumeado na Chousa, cun total de 20 novos proxectores



Novo alumeado para os campos de fútbol

Investimos preto de 60.000 euros, con cargo ao Fondo de Cooperación Local da Xunta, para renovar o alumeado dos campos municipais de fútbol de Ponte Carreira e Abellá. Unha actuación que, ademais de supoñer un aforro anual do 65% do consumo, tamén axuda a coidar do noso medio ambiente, ao reducir as emisións de CO2 anuais en máis de catro toneladas. Ademais, os novos proxectores LED permiten un mellor aproveitamento das instalacións por parte dos clubs.

Melloramos as instalacións

Coidamos do estado das nosas instalacións deportivas, realizando mantemento tanto a través dos traballadores municipais como a través dos distintos obradoiros de emprego que mantemos cos Concellos de Ordes e Mesía dende hai xa anos. Iso permítenos ter as instalacións o mellor coidadas posible, se ben cada certo tempo implementamos melloras como a nova zona de praia da piscina municipal, acometida grazas a unha achega da Secretaría Xeral de Deportes.



Melloramos o equipamento do polideportivo, que acolle calquera tipo de gala dos clubs

O ano pasado renovamos con caucho a zona de praia da piscina municipal de Frades



Cada vez máis veciños fan deporte

Ofrecemos á nosa veciñanza as mellores actividades deportivas. No curso 2024-2025 contamos con 343 persoas inscritas, 211 maiores e 132 crianzas. Pilates é a modalidade de máis escollida, seguida por ioga, zumba e hipopresivos. E mentres as nosas Escolas Deportivas non deixan de sumar éxitos, a nosa Carreira Pedestre Popular é un referente: con máis de 700 persoas inscritas é a de maior participación da comarca e a quinta mellor valorada pola Deputación da Coruña.

+ E ademais...

Estamos investindo 50.000 € na mellora do pavillón de Ponte Carreira (cunha porta da entrada, novos paneis no interior e airexadores para mellorar o confort térmico dos usuarios) e do ximnasio de Abellá (onde colocaremos un novo pavimento deportivo illante, pintaremos o exterior, renovaremos a instalación eléctrica e instalaremos paneis sandwich illantes de aceiro).

